



JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY, Secretario do Consello de Administración de EVISLUSA,

CERTIFICO: Que o Consello de Administración da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), en sesión ordinaria celebrada o día 15 de decembro de 2014, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Don José Clemente López Orozco, Alcalde-Presidente da EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A. (EVISLUSA), e coa asistencia de catro dos cinco Conselleiros que o integran, e que foron designados por acordos da Xunta Xeral Extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2011, e Xuntas Xerais Universais o 30 de xuño de 2014 e 1 de setembro de 2014 que son os seguintes: DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA ROSANA RIELO ROZAS, DON JUAN CARLOS e DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1.- PROPOSTA DE ORZAMENTO DE EVISLUSA PARA O ANO 2015.-En cumprimento da normativa vixente, presentase o presuposto (orzamento), que comprende o PROGRAMA ANUAL DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTO E FINANCIACIÓN DE EVISLUSA PARA O EXERCIZO 2015 e que contén os antecedentes, a proposta de orzamento para o exercicio 2015 (partidas de ingresos e partidas de gastos), estado de inversións reais e financeiras a efectuar durante o exercicio, o estado das fontes de financiamento das inversións con especial referencia ás achegas a percibir do Concello de Lugo, a relación dos obxectivos a acadar e das rendas que se esperan xerar, así como a Memoria das actividades a realizar no exercicio.

Previo debate aberto pola Conselleira dona Paz Abreira Sobrado, sobre o teor das novas labores encomendadas a EVISLUSA, a maior parte das cales teñen relación cos efectos posteriores á aprobación do actual PXOM, derivándose funcións que probablemente haberían de residir nos servizos municipais, argumentado o Sr. Conselleiro don Luís Manuel Álvarez Martínez, en resposta ao manifestado pola Sra. Abreira, que aínda estando de acordo, a explicación radica nas carencias actuais dos servizos municipais de urbanismo e arquitectura en canto a persoal técnico se refire, e na imposibilidade de nova contratación en aplicación das directrices estatais. A pesar diso, a Conselleira manifesta que tense que ter analizado cal debe ser a filosofía a aplicar no desenvolvemento futuro da empresa, sobre cal debe ser a súa razón de ser, achegándoa máis ao seu obxecto social, e tendo en conta así mesmo, a correcta relación entre o cadro de persoal actual da empresa e as encomendas de xestión formalizadas, non entrando en excesos de traballo que non poidan ser atendidos. Igualmente manifesta a gran capacidade de traballo e tarefas desenvolvidas polo persoal de EVISLUSA, recoñecendo que dita eficacia redonda nun gran aforro económico para o Concello, manifestando ao Sr. Interventor Municipal e ao resto de asistentes, que tal situación debería reflectirse nas nóminas.

O Sr. Interventor Municipal matiza que no orzamento dispónse dunha cantidade para IVE pola incidencia fiscal derivada da facturación de encomendas, cantidade que inicialmente sobrepasa o estimado pola facturación por honorarios de encomendas de xestión puntuais, pero se mantén o importe reflectido no orzamento en previsión de novas encomendas puntuais neste momento non descritas. Así mesmo, no orzamento preveuse unha cantidade para cubrir os suplidos dos importes satisfeitos polos técnicos de EVISLUSA en

JACA/sls

Refª: CERTIFICACIÓN ACORDO CONSELLO ADMINISTRACIÓN

Asunto: **ACORDO Nº 1** CONSELLO ADMINISTRACIÓN 15/12/2014



canto a subscrición anual seguros obrigatorios de responsabilidade civil decenal, que vista a póliza de seguros subscrita polo Concello, non parece cubrir a devandita responsabilidade civil. Mantense no orzamento en previsión da citada necesidade de cobertura.

Á vista da proposta da Presidencia, tendo en conta o debate suscitado e as matizacións do Sr. Interventor Municipal, o Consello de Administración, por unanimidade dos seus membros asistentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Orzamento de EVISLUSA para o ano 2015, no que se contén o Programa de Actuación, Investimento e Financiamento de EVISLUSA, sendo o detalle, sen desagregar, das previsións de ingresos e gastos como segue:

A)INGRESOS **265.864,02**

1 De explotación – actividades singulares	10.748,14
1 Outros ingresos de explotación- actividades ordinarias	250.115,88
Subvencións municipais para inversión Periféricos sistema informático e mobiliario	5.000,00

B)GASTOS **265.864,02**

3 Gastos de persoal	203.256,46
6 Outros gastos de explotación (xerais)	57.607,56
Gastos de inversión periféricos sistema Informático e mobiliario	5.000,00

TOTAL PREVISIÓN S INGRESOS **265.864,02**

TOTAL PREVISIÓN S GASTOS **265.864,02**

Segundo.- Remitir ó Concello de Lugo o referido Orzamento, que contén o Programa anual de actuacións, inversións e financiamento, ós efectos previstos na Lei de Facendas Locais e lexislación concordante.”

Así mesmo, **CERTIFICO** que o propio Consello de Administración, aprobou na mesma sesión a acta da sesión celebrada o día 15 de decembro de 2014.

E para que conste e surta os efectos procedentes, expido a presente certificación, en Lugo, a 17 de decembro de 2014, co visto e praxe da Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Consello de Administración de EVISLUSA.

O Alcalde-Presidente do Consello,

O Secretario do Consello,

Asdo.: José C. López Orozco

Asdo.: José Antonio Carro Asorey